



### CONCELLOS

#### LÁNCARA

##### Anuncio

#### Cobranza

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 8 de abril de 2026, aprobou o padrón de vados correspondente ó exercicio 2026.

O importe total do padrón ascende a 588,00 €, sendo o período voluntario de cobro dende o día 8 de abril ata o 8 de xuño de 2026, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da LXT, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Láncara, 16 de abril de 2026.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1007

### LUGO

##### Anuncio

#### DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana M<sup>a</sup> González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o acordo 2/503 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2025, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2025.

Visto o acordo 3/75 **BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2025)**, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de marzo de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, en base as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto nº 11673/2025, de 12/12/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2025), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 3/75 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de marzo de 2026, que seguidamente se transcribe:

*“PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de técnico/a de administración xeral pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OPE 2025) do seguinte teor literal:*

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2025)**

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a dúas prazas de técnico/a de administración xeral do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do excmo. concello de lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023.

**2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

a) *Denominación da praza: técnico/a de administración xeral*

b) *Grupo de titulación: grupo A (subgrupo A1)*

c) *Outras características:*

- *Escala: administración xeral*

- *Subescala: técnica*

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

**4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:**

*Título universitario oficial de grao. Tamén poderán acceder a este grupo as persoas que estean en posesión das titulacións de licenciatura, enxeñería, arquitectura ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substituíron as titulacións extinguidas.*

**5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

*As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.*

*As persoas interesadas en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida ao Excmo. Sr. alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).*

*Ás solicitudes de participación, deberá xuntarse a seguinte documentación:*

a) *Copia auténtica do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.*

b) *Copia auténtica da titulación esixida.*

c) *Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirlle á solicitude o justificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 19,50 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.*

*O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.*

**6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS**

*Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo a resolución pola que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas de todas as quendas convocadas. Na dita resolución, constará a identidade das e dos aspirantes excluídos con indicación das causas de exclusión.*

*As/Os aspirantes excluídas/os dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivou a exclusión.*

*A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a lista definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os que se publicarán no BOP.*

## 7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

### A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

**PRIMEIRO EXERCICIO**, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de cen (100) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondentes ao conxunto do programa, temario de materias comúns e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 120 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

**SEGUNDO EXERCICIO**, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 3 horas, de 3 temas de entre 4 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

**TERCEIRO EXERCICIO**, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 4 horas. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente, e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

### B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración, estarase ao disposto na base décimo cuarta, letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como ás prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

## 8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

**Tema 1.** A Unión Europea: orixe e evolución. Institucións e organismos da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias. A Unión Económica e Monetaria.

**Tema 2.** O Comité de Rexións. O Congreso de Poderes Locais e Rexionais de Europa. A cooperación e o asociacionismo internacional das entidades locais.

**Tema 3.** A Administración pública e o Dereito. O principio de legalidade na Administración. Potestades regradas e discrecionais: discrecionalidade e conceptos xurídicos indeterminados. Límites da discrecionalidade. Control xudicial da discrecionalidade. A desviación de poder.

**Tema 4.** Os principios da organización administrativa: a competencia e as súas técnicas de translación. A xerarquía, a coordinación e o control. Conflito de atribucións.

**Tema 5.** Os principios de actuación das administracións pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

**Tema 6.** O Ordenamento xurídico administrativo. O dereito administrativo: concepto e contidos. O dereito administrativo básico. Tipos de disposicións legais. Os tratados internacionais. O regulamento: concepto e clases.

**Tema 7.** As persoas ante a actividade da Administración: dereitos e obrigas. O interesado: concepto, capacidade de obrar e representación. A identificación dos interesados e os seus dereitos e intereses lexítimos no procedemento.

**Tema 8.** A transparencia da actividade pública. Publicidade activa. O dereito de acceso á información pública.

**Tema 9.** A protección dos datos de carácter persoal: Regulamento xeral de protección de datos. Principios. Dereitos do interesado. Responsable do tratamento e encargado do tratamento. Recursos, responsabilidade e sancións. Disposicións relativas a situacións específicas de tratamento.

**Tema 10.** O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A forma e a motivación.

**Tema 11.** A eficacia dos actos administrativos. O principio de autotutela declarativa. O principio de autotutela executiva. A execución forzosa dos actos administrativos. A vía de feito.

**Tema 12.** A notificación: contido, prazo e práctica en papel e a través de medios electrónicos. A notificación infrutuosa. A publicación.

*Tema 13. A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración. A revogación de actos. A rectificación de erros.*

*Tema 14. Disposicións xerais sobre o procedemento administrativo. Os medios electrónicos aplicados ao procedemento administrativo común. A iniciación do procedemento: clases, emenda e mellora de solicitudes. Presentación de solicitudes, escritos e comunicación. Os rexistros administrativos.*

*Tema 15. A adopción de medidas provisionais. O tempo no procedemento. Termos e prazos: cómputo, ampliación e tramitación de urxencia.*

*Tema 16. Ordenación do procedemento. A instrución: as súas fases. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común.*

*Tema 17. Terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa: principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencional.*

*Tema 18. O incumprimento dos prazos para resolver e os seus efectos. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo. A desistencia e a renuncia. A caducidade.*

*Tema 19. Recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos.*

*Tema 20. A xurisdición contencioso-administrativa: natureza, extensión e límites. As partes: lexitimación. O obxecto do recurso contencioso-administrativo. Causas de inadmisibilidade. O procedemento en primeira ou única instancia. Medidas cautelares. A sentenza: recursos contra sentenzas. A execución da sentenza.*

*Tema 21. A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público: obxecto e ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Contratos administrativos e contratos privados.*

*Tema 22. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público: racionalidade e consistencia, liberdade de pactos e contido mínimo do contrato, perfección e forma do contrato. Réxime de invalidez. Recurso especial en materia de contratación.*

*Tema 23. As partes nos contratos do sector público. Capacidade e solvencia do empresario. Sucesión na persoa do contratista. Os órganos de contratación. Competencia en materia de contratación e normas específicas de contratación pública nas entidades locais.*

*Tema 24. Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público. Preparación dos contratos das administracións públicas: expediente de contratación, prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.*

*Tema 25. Efectos dos contratos. Prerrogativas da administración pública nos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción dos contratos. Cesión dos contratos e subcontratación.*

*Tema 26. O contrato de obras: actuacións preparatorias. Execución. Modificación. Cumprimento e resolución.*

*Tema 27. O contrato de concesión de obras. Actuacións preparatorias. Efectos, cumprimento e extinción das concesións. Construción de obras obxecto de concesión. Dereitos e obrigas do concesionario e prerrogativas da Administración concedente. Extinción das concesións.*

*Tema 28. O contrato de servizos: execución dos contratos de servizos. Resolución. Especialidades do contrato de elaboración de proxectos de obras.*

*Tema 29. O contrato de concesión de servizos: Actuacións preparatorias. Efectos, cumprimento e extinción. Execución e modificación. Cumprimento e resolución.*

*Tema 30. O contrato de subministración: execución. Cumprimento e resolución.*

*Tema 31. Delitos contra a Administración pública. Delitos dos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais. Atentados contra a autoridade, os seus axentes e os funcionarios públicos. Os delitos relativos á ordenación do territorio e o urbanismo, á protección do patrimonio histórico e o medio ambiente.*

*Tema 32. A organización municipal nos municipios de réxime común. Órganos necesarios: o/a alcalde/sa, os/as tenentes/as de alcalde/sa, o Pleno e a Xunta de Goberno Local. Atribucións e delegacións. Especialidades do réxime orgánico funcional dos municipios de gran poboación.*

*Tema 33. Os órganos complementarios: comisións Informativas e outros órganos. Os grupos políticos: composición, organización, financiamento e función. A participación veciñal na xestión municipal.*

*Tema 34. As competencias municipais: sistema de determinación. Competencias propias, delegadas e distintas das propias. Os servizos mínimos.*

*Tema 35. O sistema electoral local. Causas de inelixibilidade e incompatibilidade. Elección dos/as concelleiros/as e alcaldes/as. O recurso contencioso-electoral.*

*Tema 36. Réxime de sesións e acordos dos órganos de goberno local: convocatoria, desenvolvemento e adopción de acordos. As actas. A utilización de medios telemáticos.*

*Tema 37. A fase de control do goberno municipal nas sesións. A moción de censura e a cuestión de confianza no ámbito local. O estatuto dos membros electos das corporacións locais. Os/as concelleiros/as non adscritos/as.*

*Tema 38. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.*

*Tema 39. Os empregados públicos locais: clases e réxime xurídico. Os instrumentos de organización do persoal: cadro de persoal e relación de postos de traballo. Os instrumentos reguladores dos recursos humanos: a oferta de emprego público, os plans de emprego e outros sistemas de racionalización.*

*Tema 40. O acceso ao emprego público: principios reguladores. Requisitos. Sistemas selectivos. A extinción da condición de empregado público. O réxime de provisión de postos de traballo: sistemas de provisión. As situación administrativa dos funcionarios locais.*

*Tema 41. Os dereitos dos funcionarios públicos. Dereitos individuais. Especial referencia á carreira administrativa e ás retribucións. Dereitos de exercicio colectivo.*

*Tema 42. Deberes dos funcionarios públicos. O réxime disciplinario. O réxime de incompatibilidades.*

*Tema 43. O contrato de traballo: partes. Capacidade de contratar. Contido. As prestacións do traballador e do empresario. Modalidades do contrato de traballo. Modificación, suspensión e extinción da relación laboral.*

*Tema 44. Dereitos e deberes laborais. O salario: concepto e natureza xurídica. Clases de salarios. A xornada de traballo.*

*Tema 45. Liberdade sindical. A participación do persoal na empresa. Comités de empresa e delegados de persoal. As asembleas de traballadores. Os conflitos colectivos. O dereito de folga.*

*Tema 46. As formas de acción administrativa das entidades locais. A intervención administrativa local na actividade privada. As autorizacións administrativas: as súas clases. O réxime de licenzas. A comunicación e a declaración responsable. A actividade de fomento na esfera local.*

*Tema 47. A iniciativa económica das entidades locais e a reserva de servizos. O servizo público nas entidades locais. Concepto. As formas de xestión dos servizos públicos locais.*

*Tema 48. O patrimonio das entidades locais: bens e dereitos que o conforman. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Os bens comunais. Os montes veciñais en man común.*

*Tema 49. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. O inventario. Administración, desfrute e aproveitamento dos bens. O alleamento. A acción de desafiuzamento. Aspectos rexistrals.*

*Tema 50. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: obxectivos e principios xerais. Réxime urbanístico da propiedade do solo: principios xerais. Clasificación. Réxime xurídico do solo rústico. Réxime xurídico do solo urbano. Réxime xurídico do solo urbanizable. Réxime xurídico do solo de núcleo rural.*

*Tema 51. O planeamento urbanístico na normativa urbanística galega. Os instrumentos de ordenación urbanística. Disposicións xerais sobre o planeamento, sustentabilidade e calidade. O Plan xeral de ordenación municipal. O Plan básico autonómico.*

*Tema 52. O planeamento de desenvolvemento. O Plan parcial. O planeamento especial. Os catálogos. Estudos de detalle. Delimitacións de solo de núcleo rural.*

*Tema 53. Publicidade, vixencia e efectos da aprobación dos plans. Modificación e revisión de plans. Usos e obras provisionais. Normas de aplicación directa. Informacións urbanísticas.*

*Tema 54. Execución do planeamento. Presupostos da execución. O principio de equidistribución e as súas técnicas. Sistemas de actuación: elección do sistema. O proxecto de urbanización. Supostos indemnizatorios. Peculiaridades das expropiacións urbanísticas.*

*Tema 55. A intervención na edificación e uso do solo: licenzas urbanísticas e comunicacións previas. Actos suxeitos e exentos e o seu réxime xurídico.*

*Tema 56. As ordes de execución. Deberes de conservación e réxime da declaración de ruína.*

*Tema 57. Intervención municipal no comercio e actividades de servizo. A venda ambulante. A intervención municipal en espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos públicos.*

*Tema 58. A protección da legalidade urbanística: obras e usos sen licenza ou comunicación previa en curso de execución, obras rematadas sen título habilitante ou sen axustarse ao título. Outros actos sen licenza ou sen comunicación previa. Particularidades da protección da legalidade en solo rústico e en zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos. Suspensión e revisión de licenzas. As declaracións de ineficacia. Infraccións e sancións urbanísticas.*

*Tema 59. A participación das entidades locais na política de vivenda. As políticas municipais de solo e vivendas de protección pública. Patrimonio municipal de solo como instrumento de xestión na promoción de vivendas de protección pública. O plan de vivenda e os convenios interadministrativos de colaboración.*

*Tema 60. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Principios xerais. Obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e da regra de gasto: establecemento e consecuencias asociadas ao seu incumprimento. Destino do superávit orzamentario. Os plans económico-financeiros: contido, tramitación e seguimento. Plans de axuste e de saneamento financeiro. Subministración de información financeira das entidades locais.*

*Tema 61. A estrutura orzamentaria. Os créditos do orzamento de gastos: delimitación, situación e niveis de vinculación xurídica. As modificacións de crédito: clases, concepto, financiamento e tramitación.*

*Tema 62. A execución do orzamento de gastos e de ingresos; as súas fases. Anticipos de caixa fixa. Pagos “para xustificar”. Os gastos de carácter plurianual. A tramitación anticipada de gastos. Os proxectos de gasto. Os gastos con financiamento afectado.*

*Tema 63. A liquidación do orzamento. Tramitación. Os remanentes de crédito. O resultado orzamentario: concepto, cálculo e axustes. O remanente de tesourería: concepto e cálculo.*

*Tema 64. O crédito local. Clases de operacións de crédito. Natureza xurídica dos contratos: tramitación. As operacións de crédito a longo prazo: finalidade, duración e competencia. Límites e requisitos para a concertación das operacións de crédito a longo prazo. As operacións de crédito a curto prazo: requisitos e condicións. A concesión de avais polas entidades locais.*

*Tema 65. A tesourería das entidades locais. Réxime xurídico. O principio da unidade de caixa. Funcións da tesourería. Organización. Situación dos fondos: a caixa e as contas bancarias. A realización dos pagamentos: prelación, procedementos e medios de pagamento. O cumprimento do prazo nos pagamentos: o período medio de pagamento. O estado de conciliación.*

*Tema 66. O sistema de contabilidade da Administración local: principios, competencias e fins da contabilidade. As instrucións de contabilidade. Documentos contables e libros de contabilidade*

*Tema 67. Os recursos das facendas locais: enumeración dos recursos dos municipios. Especial referencia aos tributos locais. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: contido das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. O establecemento dos recursos non tributarios.*

*Tema 68. A xestión, liquidación e recadación de recursos das facendas locais. A devolución de ingresos indebidos. A revisión en vía administrativa dos actos de xestión tributaria ditados polas entidades locais.*

*Tema 69. Taxas e prezos públicos. Principais diferenzas. As contribucións especiais: anticipo e aprazamento de cotas e colaboración cidadá.*

*Tema 70. Imposto sobre bens inmobles. Natureza. Feito imponible. Suxeito pasivo. Exencións e bonificacións. Base imponible. Base liquidable. Cota, devindicación e período impositivo. Xestión catastral. Xestión tributaria. Inspección catastral.*

*Tema 71. O imposto sobre actividades económicas. Natureza. Feito imponible. Suxeito pasivo. Exencións. Cota: as tarifas. Devindicación e período impositivo. Xestión censual e xestión tributaria. A recarga provincial. O imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

*Tema 72. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.*

#### **9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES**

*De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (BOP nº 99, do 2 de maio de 2017, e nº 274 de 29 de novembro de 2018), a composición dos tribunais cualificadores será o seguinte:*

*Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica o u estatal) incluído o persoal docente.*

*Vogais:*

*Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.*

*Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.*

*Á súa vez será aplicable a instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprrobe por acordo da Xunta de Goberno Local.*

### 10º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.

### 11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses, e no caso de que non se resolvera expresamente o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- *Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Portal de Transparencia, Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE."*

SEGUNDO.- Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 18 de marzo de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.<sup>a</sup> González Abelleira.

R. 1008

## Anuncio

### DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana M.<sup>a</sup> González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

- Visto o acordo 2/503 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2025, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2025.

- Visto o acordo 8/80 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2025), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de marzo de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, en base as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto nº 11673/2025, de 12/12/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2025), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro

de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 8/80 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de marzo de 2026, que seguidamente se transcribe:

*“PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de arquitecto/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OPE 2025) do seguinte teor literal:*

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE ARQUITECTO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2025)**

*1º.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a unha praza de arquitecto/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do excmo. concello de lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023.*

**2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

*a) Denominación da praza: arquitecto/a*

*b) Grupo de titulación: grupo A (subgrupo A1)*

*c) Outras características:*

*– Escala: administración especial*

*– Subescala: técnica*

*3º.- SISTEMA SELECTIVO.- De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.*

**4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:**

*– Título de arquitecto/a, graduado/a ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto/a.*

**5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

*As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.*

*As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo ([www.lugo.gal/portal/](http://www.lugo.gal/portal/)). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.*

*As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:*

*a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.*

*b) Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 19,50 € de acordo coa ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.*

*De acordo ca ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente, estarán exentas do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.*

*Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales, polo menos, tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.*

*Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.*

*En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.*

c) *Título de Arquitecto/a, graduado/a ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto/a.*

*O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.*

#### **6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS**

*Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.*

*Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.*

*Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución na que declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, esta quedará automaticamente elevada a definitivo.*

*O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpre algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. Non será emendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.*

#### **7º.- PROBAS SELECTIVAS**

*As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:*

##### **A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO**

*PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de cen (100) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondentes ao conxunto do programa, temario de materias común e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 120 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.*

*SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 3 horas, de 3 temas de entre 4 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.*

*TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 4 horas. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente, e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.*

*O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.*

##### **B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

*Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ao disposto na base décimo cuarta, letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como ás prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).*

*A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.*

#### **8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS**

*Tema 1.- A Lei 38/1999, de ordenación da edificación: disposicións xerais; esixencias técnicas e administrativas da edificación.*

*Tema 2.- A Lei 38/1999, de ordenación da edificación: axentes da edificación. Responsabilidades e garantías.*

*Tema 3.- Normativa sobre condicións mínimas de habitabilidade das vivendas de Galicia. Trámite de excepcionalidade, aplicación no concello de Lugo.*

*Tema 4.- Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras: no Estado, na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello. Código técnico da edificación: en materia de accesibilidade (DB SUA). Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas (BOP 15/07/97, BOP 28/12/04 e BOP 18/12/13). Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade Comunidade Autónoma de Galicia. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei. Aplicación no concello de Lugo para a edificación e as urbanizacións.*

*Tema 5.- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Aplicación no concello de Lugo.*

*Tema 6.- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Aplicación no concello de Lugo.*

*Tema 7.- Actividades: licenza, comunicación previa, declaración responsable. Regulación segundo a Lei 2/2016 do solo de Galicia e o Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia. Normativa sectorial aplicable. Ordenanza municipal reguladora da tramitación dos títulos habilitantes de natureza urbanística e das actividades.*

*Tema 8.- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade: plans de ordenación dos recursos naturais; protección de espazos; espazos protexidos Rede Natura 2000. Aplicación no concello de Lugo.*

*Tema 9.- Protección contra incendios nos edificios. Código técnico da edificación: DB-SI (seguridade en caso de incendio). Real decreto 2267/04, do 3 de decembro, Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais. Aplicación no concello de Lugo.*

*Tema 10.- Condicións acústicas nos edificios. Documento básico DB-HR (protección fronte ao ruído) do Código técnico da edificación. Ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica. Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia. Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, que desenvolve a Lei 37/2003, no referente á valoración e xestión de ruído ambiental. Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Aplicación no concello de Lugo.*

*Tema 11.- Condicións de hixiene, saúde e protección do medio ambiente nos edificios. DB-HS (salubridade) e DBHE (aforro de enerxía) do Código técnico da edificación.*

*Tema 12.- Seguridade estrutural nos edificios. DB-SE de Código técnico da edificación. DB-SE-AE e DB-SE-M.*

*Tema 13.- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia: proceso de edificación. A vivenda protexida. Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda. Incidencia no planeamento municipal de Lugo.*

*Tema 14.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: declaración de ruína. Ordenanza municipal sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións.*

*Tema 15.- O Código técnico da edificación: obxecto, ámbito de aplicación e estrutura.*

*Tema 16.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: disposicións xerais. Contratos do sector público.*

*Tema 17.- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Real decreto 1098/2001, do 12 outubro: contrato de obras: actuacións preparatorias. Proxectos de obras: contido. Supervisión e traza do proxecto. Execución do contrato de obras. Modificación do contrato de obras. Cumprimento e resolución do contrato de obras.*

*Tema 18.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal: os plans parciais e especiais.*

*Tema 19.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: normalización de predios, parcelamentos urbanísticos, segregacións e divisións de terreos.*

*Tema 20.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016; Ordenanza municipal reguladora da tramitación dos títulos habilitantes de natureza urbanística e das actividades: intervención na edificación e uso do solo. Comunicacións previas. Tramitación das comunicacións previas.*

*Tema 21.- Ordenación do territorio. Principios de desenvolvemento urbano sostible. Aplicación no concello de Lugo.*

*Tema 22.- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia. Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas. Informe de avaliación dos edificios. Actuacións sobre o medio urbano. Ámbitos de rehabilitación no concello de Lugo.*

*Tema 23.- Seguridade e saúde da aplicación ás obras de construción. Real decreto 1627/1997.*

*Tema 24.- Residuos na construción e demolición. Real decreto 105/2008. Aplicación no concello de Lugo. Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.*

*Tema 25.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: os instrumentos de ordenación urbanística: clases e obxectivos. Normas técnicas de planeamento. Aplicación no concello de Lugo.*

*Tema 26.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI): disposicións xerais. Desenvolvemento, execución e xestión do plan especial.*

*Tema 27.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI): condicións de protección do patrimonio histórico e ambiental.*

*Tema 28.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI): tipificación das actuacións de edificación.*

*Tema 29.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI): regulación do patrimonio arquitectónico.*

*Tema 30.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI): normas xerais da edificación. As licenzas municipais.*

*Tema 31.- Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior do recinto amurallado e a súa zona de influencia de Lugo (PEPRI): normas particulares de zona. Ordenanzas especiais.*

*Tema 32.- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. Instrumentos de ordenación do territorio. O parque empresarial das Gándaras.*

*Tema 33.- Lexislación sectorial aplicable ao concello de Lugo en materia do patrimonio cultural.*

*Tema 34.- Lexislación sectorial aplicable ao concello de Lugo en materia de estradas, ferrocarrís, augas e infraestruturas.*

*Tema 35.- Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana. Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: valoracións. Disposicións xerais; conceptos e criterios xerais para a realización das valoracións.*

*Tema 36.- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: valoración en situación de solo rural.*

*Tema 37.- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: valoración en situación de solo urbanizado.*

*Tema 38.- Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro: das indemnizacións e gastos de urbanización.*

*Tema 39.- Lexislación estatal de solo: principios. As condicións básicas da igualdade nos dereitos e deberes constitucionais da cidadanía.*

*Tema 40.- Lexislación estatal de solo: bases do réxime do solo.*

*Tema 41.- Lexislación estatal de solo: función social da propiedade e xestión do solo. Ámbitos de xestión do concello de Lugo.*

*Tema 42.- Lexislación estatal de solo: expropiación forzosa e responsabilidade patrimonial. Ámbitos de expropiación no concello de Lugo.*

*Tema 43.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: disposicións xerais: principios xerais. Competencias e organización administrativa. Aplicación no concello de Lugo.*

*Tema 44.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: réxime urbanístico do solo: solo urbano. Modelo urbanístico no concello de Lugo.*

*Tema 45.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: réxime urbanístico do solo: solo de núcleo rural. Modelo urbanístico no concello de Lugo.*

*Tema 46.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: réxime urbanístico do solo: solo urbanizable. Usos e obras provisionais. Modelo urbanístico no concello de Lugo.*

*Tema 47.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: réxime urbanístico do solo: solo rústico. Modelo urbanístico no concello de Lugo.*

*Tema 48.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: disposicións xerais sobre o planeamento: límites de sustentabilidade e calidade de vida e cohesión social. Normas de calidade ambiental e paisaxística. Normas de aplicación directa. Estándares urbanísticos no concello de Lugo.*

*Tema 49.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: procedemento para a elaboración e aprobación do planeamento*

*urbanístico. A vixencia e modificación dos plans urbanísticos. A suspensión de licenzas. Ordenación urbanística que afecte a varios concellos. Efectos da aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Aplicación ao concello de Lugo.*

*Tema 50.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: o Plan xeral de ordenación municipal: disposicións xerais. Aplicación ao concello de Lugo.*

*Tema 51.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: os proxectos de urbanización: disposicións xerais, relación co planeamento, contido, procedemento de aprobación, proxectos de obras ordinarias previos ao proxecto de urbanización en parcelas dotacionais públicas. Execución e conservación de obras de urbanización. Aplicación no concello de Lugo.*

*Tema 52.- Plan xeral de ordenación municipal do concello de Lugo. Condicións para o desenvolvemento do solo urbano no concello de Lugo. Aplicación no concello de Lugo tras a aprobación da lexislación vixente do solo de Galicia.*

*Tema 53.- Plan xeral de ordenación municipal do concello de Lugo. Condicións para o desenvolvemento do solo urbanizable no concello de Lugo. Aplicación no concello de Lugo tras a aprobación da lexislación vixente do solo de Galicia.*

*Tema 54.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: outras figuras de planeamento. Convenios urbanísticos. Estudos de detalle. Catálogos. Aplicación ao concello de Lugo.*

*Tema 55.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: execución do planeamento urbanístico. Áreas de repartición. Aproveitamento tipo. Polígonos de execución. Regras xerais para a equidistribución. Aplicación ao concello de Lugo.*

*Tema 56.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: sistemas de actuación. Aplicación ao concello de Lugo.*

*Tema 57.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016; Ordenanza municipal reguladora da tramitación dos títulos habilitantes de natureza urbanística e das actividades: intervención na edificación e uso do solo. As licenzas urbanísticas. Procedemento de outorgamento de licenzas. Prelación de licenzas. Caducidade. Incumprimento dos prazos de edificación. Modificacións, supostos de incumprimento e caducidade das licenzas. As licenzas parciais.*

*Tema 58.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016; Ordenanza municipal sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións: os deberes de uso, conservación e rehabilitación. Ordes de execución. Contido. Procedemento. Executividade e execución forzosa. Rexistro de soares. Venda forzosa.*

*Tema 59.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016: disciplina urbanística. A protección da legalidade urbanística: obras e usos sen título habilitante en curso de execución, obras rematadas sen título habilitante. Suspensión e revisión das licenzas. Protección da legalidade en zonas verdes, espazos libres, viarios, dotacións e equipamentos públicos. Protección da legalidade no solo rústico. Infraccións e sancións.*

*Tema 60.- Plan xeral de ordenación municipal do concello de Lugo: disposicións xerais. Aplicación no concello de Lugo tras a aprobación da lexislación vixente do solo de Galicia.*

*Tema 61.- Plan xeral de ordenación municipal do concello de Lugo: réxime dos usos.*

*Tema 62.- Plan xeral de ordenación municipal do concello de Lugo: normas xerais de edificación.*

*Tema 63.- Plan xeral de ordenación municipal do concello de Lugo: normas xerais de urbanización.*

*Tema 64.- Plan xeral de ordenación municipal do concello de Lugo: normas xerais de protección.*

*Tema 65.- Plan xeral de ordenación municipal do concello de Lugo: protección do patrimonio cultural.*

*Tema 66.- Plan xeral de ordenación municipal do concello de Lugo: zonas de ordenanza.*

*Tema 67.- Réxime transitorio da Lei 2/2016 e a súa aplicación no concello de Lugo ao réxime do solo de núcleo rural (Plan xeral de ordenación municipal do concello de Lugo): normas particulares solo de núcleo rural. Ordenanza. Áreas de expansión. Aplicación.*

*Tema 68.- Réxime transitorio da Lei 2/2016 e a súa aplicación no concello de Lugo ao réxime do solo urbanizable (Plan xeral de ordenación municipal do concello de Lugo): normas particulares solo urbanizable. Solo urbanizable delimitado e solo urbanizable non delimitado.*

*Tema 69.- Réxime transitorio da Lei 2/2016 e a súa aplicación no concello de Lugo ao réxime do solo rústico (Plan xeral de ordenación municipal do concello de Lugo).*

*Tema 70.- Plan xeral de ordenación municipal do concello de Lugo: memoria de ordenación. Obxectivos e criterios da proposta. Descrición da ordenación proposta. Sistemas xerais dotacionais: os equipamentos e zonas verdes.*

*Tema 71.- Ordenanza municipal de protección ambiental BOP núm. 139, do 19 xuño de 1995.*

*Tema 72.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.*

#### **9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES**

*De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (BOP nº 99, do 2 de maio de 2017, e nº 274, do 29 de novembro de 2018), a composición dos tribunais cualificadores será a seguinte:*

*Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica o u estatal) incluído o persoal docente.*

*Vogais:*

*Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.*

*Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.*

*Á súa vez, será aplicable a instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.*

#### **10º.- LISTA DE RESERVAS**

*Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.*

*Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.*

#### **11º.- RECURSOS**

*Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.*

*Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.*

*SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Portal de transparencia, Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE."*

**SEGUNDO.-** *Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.*

*Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.*

*Lugo, 18 de marzo de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.ª González Abelleira.*

### Anuncio

#### DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana M<sup>a</sup> González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o acordo 2/503 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2025, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2025.

Visto o acordo 2/74 **BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE ANALISTA PROGRAMADOR/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE (OPE 2025)**, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de marzo de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, en base as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto nº 11673/2025, de 12/12/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE ANALISTA PROGRAMADOR/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE (OPE 2025), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 2/74 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de marzo de 2026, que seguidamente se transcribe:

*"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de analista programador/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OPE 2025) do seguinte teor literal:*

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE ANALISTA PROGRAMADOR/A PERTENCENTE/S AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE (OPE 2025)**

**1º.- OBXECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a dúas prazas de analista programador/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do excmo. concello de lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas polo Acordo 10/857 da Xunta de Goberno, adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023.

**2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

a) Denominación da praza: *analista programador/a*

b) Grupo de titulación: *grupo A (subgrupo A2)*

c) Outras características:

- *Escala: administración especial*

- *Subescala: técnica.*

**3º.- SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

**4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:**

*Título universitario oficial de grao en enxeñería informática ou equivalente.*

*Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substitúan as titulacións extinguidas.*

**5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

*As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.*

*As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo ([www.lugo.gal/portal/](http://www.lugo.gal/portal/)). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes*

nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obligatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 17,30 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

De acordo coa ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente, estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales, polo menos, tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude.

c) Título universitario oficial de grao en enxeñería informática ou equivalente.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

#### 6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos non xustifique o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, esta quedará automaticamente elevada a definitiva.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpre algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. Non será emendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

#### 7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

##### A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

**PRIMEIRO EXERCICIO**, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias común e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 100 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

**SEGUNDO EXERCICIO**, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 2 horas, de 2 temas de entre 3 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

*TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 3 horas. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.*

*O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.*

#### **B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

*Na realización deste exercicio e na súa valoración, estarase ao disposto na base décimo cuarta, letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como ás prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).*

*A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.*

#### **8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS**

*Tema 1. Dirección e xestión de proxectos de tecnoloxías da información. Metodoloxías predictivas para a xestión de proxectos: GANTT, PERT. Sistemas de xestión de calidade. Normalización e certificación. EFQM.*

*Tema 2. Planificación e control das TIC: xestión de servizos e infraestruturas TIC, xestión do valor das TIC. Acordos de nivel de servizo. Xestión de incidencias. Bases conceptuais de ITIL (IT Infrastructure Library).*

*Tema 3. Real decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade. Instrucións técnicas de seguridade. Guías CCN-STIC serie 800.*

*Tema 4. Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica. Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica. Normas técnicas de interoperabilidade. Instrumentos e órganos para a cooperación entre administracións públicas en materia de Administración electrónica. Infraestruturas e servizos comúns. Plataformas de validación e interconexión de redes.*

*Tema 5. Lei 56/2007, de medidas de impulso da sociedade da información. Lei 6/2020, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza. Factura electrónica. Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.*

*Tema 6. Instrumentos para o acceso electrónico ás administracións públicas: sedes electrónicas, canles e punto de acceso, identificación e autenticación. Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza. Datos abertos. Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público. A xestión electrónica dos procedementos administrativos.*

*Tema 7. Accesibilidade. Real decreto 193/2023, do 21 de marzo, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos bens e servizos a disposición do público. Real decreto 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público. Normativa no ámbito da propiedade intelectual. A protección xurídica dos programas de ordenador. Tipos de licenzas.*

*Tema 8. Normativa sobre protección de datos. Regulamento (UE) 2016/679, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos). Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

*Tema 9. Modelo entidade-relación. Modelo relacional. Normalización. Modelos de base de datos semiestruturados.*

*Tema 10. Sistemas de xestión de bases de datos. Bases de datos NoSQL. Monitores transaccionais.*

*Tema 11. SQL. Linguaxe de definición de datos (DDL). Linguaxe de manipulación de datos (DML) e DCL. Xquery.*

*Tema 12. Sistemas CRM (Customer Relationship Management) e ERP (Enterprise Resource Planning). Sistemas BPM (Business Process Management). Sistemas de xestión documental. Sistemas de información xeográfica.*

*Tema 13. Sistemas de intelixencia de negocio (business intelligence): Datawarehouse. Data Marts. Arquitectura. Análise multidimensional e arquitecturas OLAP. ROLAP/MOLAP/HOLAP. Minería de datos. Big Data.*

*Tema 14. Sistemas de xestión de contidos. E-learning. Accesibilidade e usabilidade. W3C. Datos abertos (OpenData).*

*Tema 15. Modelo de capas: servidores de aplicacións, servidores de datos, granxas de servidores.*

*Tema 16. Arquitectura de aplicacións nas plataformas. NET e JEE e PHP. Arquitectura SOA. Servizos web. Tecnoloxías XML.*

*Tema 17. Arquitectura das redes intranet e internet: concepto, estrutura e características. A súa implementación nas organizacións.*

- Tema 18. Frameworks para o desenvolvemento de aplicacións. MVC. Solucións de persistencia. Linguaxes de script.*
- Tema 19. Aplicacións da internet enriquecidas (RIA). Frameworks AJAX. Desenvolvementos para dispositivos móbiles.*
- Tema 20. Enxeñería do software. Proceso software, modelos de proceso software. Ciclos de vida. Modelos de ciclo de vida. Fases do ciclo de vida. Modelos de desenvolvemento.*
- Tema 21. Metodoloxías de desenvolvemento de sistemas de información. Métrica 3. RUP. Metodoloxías áxiles.*
- Tema 22. Enxeñería de requisitos: especificación, verificación, validación, xestión do cambio.*
- Tema 23. Técnicas de programación. Programación estruturada. Programación e análise orientada a obxectos. Linguaxe unificada de modelaxe (UML). Enxeñería inversa e reenxeñería.*
- Tema 24. Métodos de proba do software. Fundamentos. Estratexia de proba do software: verificación e validación. Caixa negra e caixa branca. Probas de contorno e aplicacións especializadas. Probas funcionais. Probas de integración. Probas de regresión. Probas de validación. Ferramentas para a xestión e automatización de probas. Integración continua. Control de código fonte, construción automatizada, control da calidade do código.*
- Tema 25. Seguridade informática: autenticación, integridade, confidencialidade, dispoñibilidade, rastrexabilidade. Análise e xestión de riscos. Metodoloxía Magerit.*
- Tema 26. Sistemas de xestión da seguridade da información: normas da serie ISO 27.000. Centros de operacións de ciberseguridade (CERT/CSIRT). Real decreto-lei 12/2018, do 7 de setembro, de seguridade das redes e sistemas de información. Real decreto 43/2021, do 26 de xaneiro, polo que se desenvolve o Real decreto-lei 12/2018, do 7 de setembro, de seguridade das redes e sistemas de información.*
- Tema 27. Virus e outro software maligno avanzado. Ameazas persistentes avanzadas (APT). Tipos. Medios preventivos e reactivos. Sistemas antivirus e de protección. Sistemas de protección ante malware avanzado (solucións de sandboxing).*
- Tema 28. Certificados dixitais. Tarxetas criptográficas. Sinatura dixital. Técnicas de cifraxe. Infraestrutura de clave pública (PKI).*
- Tema 29. Seguridade en contornos de rede privados. Servizos de directorio. Xestión de identidades. Single sign-on. Acceso remoto. VPN. Técnicas de cifraxe. Protección da seguridade nos diferentes elementos da infraestrutura TIC (servidores, posto cliente, equipos de comunicacións e outros).*
- Tema 30. Plataformas de protección: devasas de nova xeración, devasas de aplicacións web, protección ante ataques DDOS, IDS/IPS. Sistemas de xestión de eventos e información de seguridade (SIEM). Arquitectura de seguridade en redes. Elementos de seguridade para a internet.*
- Tema 31. Seguridade en dispositivos móbiles. Solucións MDM e estratexias BYOD.*
- Tema 32. Análise e xestión de vulnerabilidades. Auditorías técnicas de seguridade. Probas de intrusión. Análise forense de incidentes de seguridade.*
- Tema 33. Modelo OSI. Redes LAN, MAN e WAN. Estrutura de redes: troncal, distribución acceso. Redes públicas de transmisión de datos. Protocolos de rede. SDN.*
- Tema 34. Tecnoloxías de acceso: redes de telefonía móbil, cable, redes de fibra óptica, MetroEthernet.*
- Tema 35. Tecnoloxías de transporte: DWDM, MPLS. Redes de fibra óptica. Redes de nova xeración (NGN).*
- Tema 36. Tecnoloxías sen fíos: Bluetooth, wi-fi. RFID. NFC.*
- Tema 37. Protocolo TCP/IP: enderezamento e sistemas de nomes de dominio (DNS). Protocolos IP, ICMP, TCP, UDP. Encamiñamento. Aplicacións básicas: Telnet, FTP (TFTP) e SMTP.*
- Tema 38. Redes de área local. Topoloxías. Redes Ethernet. Redes conmutadas e redes virtuais. Xestión de redes. Sistemas de cablaxe. Electrónica de rede: repetidores, concentradores, pontes, conmutadores, encamiñadores, pasarelas.*
- Tema 39. Equipamento hardware. Servidores. Posto de traballo. Dispositivos persoais.*
- Tema 40. Concepto, evolución e tendencias dos sistemas operativos. Sistema operativo UNIX-LINUX. Sistema operativo Windows.*
- Tema 41. Servidores de mensaxería. Sistemas de correo. Sistemas de directorio e protocolo de acceso LDAP. Servidores de aplicacións e servidores web. Contedores de aplicacións. Estratexias de monitorización das aplicacións.*
- Tema 42. Deseño de centro de procesos de datos. Instalacións (electricidade, control de acceso, control de presenza, sistema antiincendios, climatización, sistemas de alimentación ininterrompida).*

*Tema 43. Virtualización de servidores. Virtualización do almacenamento. Virtualización do posto cliente. Tecnoloxías de contedores. Computación baseada en servidor (SBC). Grid Computing. Cloud computing. Hiperconverxencia. Green IT e eficiencia enerxética.*

*Tema 44. Redes SAN e elementos dun SAN. Redes de almacenamento: topoloxías, protocolos, elementos de conexión. Sistemas de almacenamento: arquitecturas e compoñentes. Servidores: HBA e Software MultiPath.*

*Tema 45. Sistemas de backup: hardware e software de backup. Estratexias de backup a disco. Disponibilidade da información RPO, RTO. Replicación local e remota, estratexias de recuperación.*

*Tema 46. Administración e xestión de redes e sistemas de almacenamento. Virtualización do almacenamento. Xestión do ciclo de vida da información (ILM).*

*Tema 47. Redundancia hardware. Alta disponibilidad a nivel de sistema operativo. Sistemas de clúster e balanceo de carga. Alta disponibilidad en servidores de aplicacións e servidores de bases de datos. Alta disponibilidad a nivel de aplicación. Disponibilidade en contornos virtualizados. Centros de protección xeográficos. Plans de continxencia.*

*Tema 48.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.*

#### **9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES**

*De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como ás prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023), o tribunal cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes coa composición seguinte:*

*Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1 ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.*

*Vogais:*

*Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.*

*Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.*

*Á súa vez, será aplicable a instrucción para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.*

#### **10º.- LISTA DE RESERVAS**

*Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.*

*Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.*

#### **11º.- RECURSOS**

*Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.*

*Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.*

*SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no portal de transparencia, Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE."*

**SEGUNDO.-** *Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso*

contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 17 de marzo de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.<sup>a</sup> González Abelleira.

R. 1010

### Anuncio

#### DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana M.<sup>a</sup> González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o acordo 2/503 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2025, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2025.

Visto o acordo 7/79 **BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE EDUCADOR/A SOCIAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2025)**, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de marzo de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, en base as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto nº 11673/2025, de 12/12/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE EDUCADOR/A SOCIAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2025), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 7/79 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de marzo de 2026, que seguidamente se transcribe:

*"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de educador/a social pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OPE 2025) do seguinte teor literal:*

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE EDUCADOR/A SOCIAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2025)**

**1º.- OBXECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a unha praza de educador/a social do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do excmo. concello de lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno, adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023.

**2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

a) Denominación da praza: educador/a social

b) Grupo de titulación: grupo A (subgrupo A2)

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: técnica

**3º.- SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

#### 4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

*Título de mestre/a ou graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en educación primaria ou diplomado/a en Educación Social, ou primeiro ciclo da titulación de licenciado/a en Pedagogía, da titulación de licenciado/a en Psicoloxía ou da titulación de licenciado/a en Psicopedagogía, ou graduado/a nunha titulación da rama de ciencias sociais e xurídicas ou da rama de ciencias da saúde equivalente a calquera das anteriores.*

*Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substitúan ás titulacións extinguidas.*

*Certificado de delitos de natureza sexual.*

#### 5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

*As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.*

*As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo ([www.lugo.gal/portal/](http://www.lugo.gal/portal/)). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.*

*Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:*

*a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.*

*b) Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 17,30 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.*

*De acordo ca ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente estarán exentas do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.*

*Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales, polo menos, tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.*

*Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.*

*En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude.*

*c) Título de mestre/a ou graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de mestre/a en Educación Primaria ou diplomado/a en Educación Social, ou primeiro ciclo da titulación de licenciado/a en Pedagogía, da titulación de licenciado/a en Psicoloxía ou da titulación de licenciado/a en Psicopedagogía, ou graduado/a nunha titulación da rama de ciencias sociais e xurídicas ou da rama de ciencias da saúde equivalente a calquera das anteriores.*

*d) Certificado de delitos de natureza sexual.*

*O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.*

#### 6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

*Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.*

*Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.*

*Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, esta quedará automaticamente elevada a definitivo.*

*O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpre algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. Non será emendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.*

#### **7º.- PROBAS SELECTIVAS**

*As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:*

##### **A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO**

*PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias común e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 100 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.*

*SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 2 horas, de 2 temas de entre 3 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.*

*TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 3 horas. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente, e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.*

*O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.*

##### **B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

*Na realización deste exercicio e na súa valoración, estarase ao disposto na base décimo cuarta, letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como ás prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).*

*A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.*

#### **8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS**

*Tema 1. A política social no marco internacional e na Unión Europea. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948). A Carta Social Europea (1961). Fondo Social Europeo. A axenda 2030 para o desenvolvemento sostible (2015).*

*Tema 2. Historia e evolución dos sistemas de protección social. Políticas sociais. O Estado de Benestar Social. O papel da educación social.*

*Tema 3. Os servizos sociais en España: marco normativo e competencial das distintas administracións públicas: estatal, autonómica e local.*

*Tema 4. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia. Principios xerais, obxecto e obxectivos da Lei. Titulares do dereito de acceso aos servizos sociais. Dereitos e deberes das persoas usuarias.*

*Tema 5. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.*

*Tema 6. Marco competencial dos servizos sociais no Concello de Lugo. A área competente en materia de benestar social: estrutura organizativa, servizos, programas e equipamentos.*

*Tema 7. A educación social como disciplina: orixe e evolución. A educación social no conxunto das ciencias sociais.*

*Tema 8. A figura do educador/a social: funcións, competencias e ámbitos de actuación. A ética da actividade profesional. O código deontolóxico do educador/a social.*

*Tema 9. A protección de datos nos servizos sociais. LO 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

*Tema 10. A interdisciplinabilidade e o traballo en equipo nos servizos sociais comunitarios. Funcións do educador/a social como parte do equipo dos servizos sociais comunitarios básicos. A coordinación do traballo en equipo.*

*Tema 11. A análise da realidade social: paradigmas, métodos e técnicas de investigación social en educación social benestar social*

*Tema 12. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia.*

*Tema 13. Decreto 406/2003, do 29 de outubro, polo que se modifica o Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.*

*Tema 14. Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia. O Observatorio Galego da Familia e Infancia. O Consello Autonómico da Infancia e a Adolescencia*

*Tema 15. Planificación, deseño da intervención e avaliación na educación social.*

*Tema 16. Os programas de educación e intervención familiar nos servizos sociais comunitarios. Procesos da intervención socioeducativa. O proxecto socioeducativo como eixe da intervención do/a educador/a social.*

*Tema 17. A familia. O ciclo vital familiar. Novos modelos de familia. Familias multiproblemáticas. Funcións e vínculos parentais. Modelos de intervención.*

*Tema 18. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Obxecto e natureza. Tipoloxía das axudas.*

*Tema 19. A entrevista na intervención familiar. Concepto, características e obxectivos. Tipoloxía e aplicación metodolóxica. A alianza terapéutica.*

*Tema 20. A intervención dos servizos sociais comunitarios en situacións de urxencia e emerxencia social. Intervención en crise. Relación con outros ámbitos de intervención.*

*Tema 21. Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.*

*Tema 22. Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia. Competencias e actuacións dende os servizos sociais comunitarios. Responsabilidade penal dos menores.*

*Tema 23. A intervención dos servizos sociais comunitarios no ámbito escolar. Detección, prevención e actuacións ante situacións de abuso e acoso escolar. O absentismo escolar. Protocolo de actuación. Menores con necesidades educativas especiais, recursos nos centros educativos.*

*Tema 24. Recursos para a protección de menores en situación de risco e desprotección. Instrumento para a valoración da gravidade das situacións de desprotección infantil nos servizos sociais especializados en protección de menores na comunidade autónoma de Galicia (Valora).*

*Tema 25. A Lei galega de xuventude de Galicia. Plans e programas estatais e autonómicos en materia de xuventude. O consello asesor e consultivo de xuventude de Galicia. A área competencial en materia de xuventude no Concello de Lugo: programas e equipamentos.*

*Tema 26. Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

*Tema 27. O envellecemento activo. Principais factores que interveñen no mantemento das capacidades funcionais e cognitivas. A soidade non desexada: detección. Criterios e principios que deben rexer as intervencións ante situacións de soidade. Plans e programas nos ámbitos estatal, autonómico e local.*

*Tema 28. A intervención socioeducativa coas persoas maiores. A atención residencial e domiciliaria. Recursos e programas.*

*Tema 29. A intervención socioeducativa con persoas en situación de exclusión social, pobreza e sen fogar. Causas e elementos condicionantes. Estratexias de actuación. Centros, servizos, programas e recursos.*

*Tema 30. Diversidade funcional: conceptualización e características. Recursos sociocomunitarios. A intervención do educador/a social con colectivos con dificultades especiais. Medidas de apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.*

*Tema 31. A intervención en saúde mental dende a educación social. A abordaxe da involuntariedade, intervencións obrigadas e coercitivas. A abordaxe da conduta suicida dende os servizos sociais.*

*Tema 32. O sistema español da seguridade social. Prestacións. O Ingreso Mínimo Vital. Normativa, obxecto e ámbito de aplicación.*

*Tema 33. O emprego como factor de inclusión social. A protección por desemprego. Os itinerarios de inserción sociolaboral. As empresas de inserción. Benestar Social*

*Tema 34. Lei orgánica 14/2003, do 20 de novembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.*

*Tema 35. Os procesos migratorios. Orixe e características. O sistema de protección internacional: asilo e protección subsidiaria.*

*Tema 36. A intervención socioeducativa coas minorías étnicas. Aspectos sociodemográficos e culturais. Necesidades e recursos.*

*Tema 37. A vivenda como factor de inclusión social. Políticas públicas de vivenda e recursos. A intervención social en casos de desafiuzamento.*

*Tema 38. As novas tecnoloxías e a innovación social. Importancia e funcións didácticas das novas tecnoloxías na sociedade actual. Educación para o seu uso crítico.*

*Tema 39. O enfoque de xénero na educación social. Identidades e roles de xénero. Violencia de xénero. Aspectos legais e sociais. O ciclo da violencia. Modelos explicativos de malos tratos.*

*Tema 40. Desenvolvemento comunitario: historia, teoría e modelos. Principios. ámbitos e niveis de intervención dende a educación social.*

*Tema 41. As habilidades sociais. Concepto. Dimensións e modelos explicativos, avaliación e adestramento en habilidades sociais. Ámbitos de aplicación.*

*Tema 42. O grupo: concepto e tipoloxías. Estrutura. Características. Liderado e procesos intergrupais: relacións e conflitos nos grupos e entre grupos. Técnicas de dinamización grupal.*

*Tema 43. A animación sociocultural. Definición. A animación sociocultural como proceso educativo nas diferentes etapas da vida. O ocio e tempo libre. Programas e equipamentos socioculturais e educativos do Concello de Lugo.*

*Tema 44. A educación non formal: concepto e tipoloxía. Instrumentos educativos. A educación permanente de adultos.*

*Tema 45. A educación regrada. Normativa reguladora. Os ciclos da formación profesional. A formación nos servizos públicos de emprego.*

*Tema 46. Adicción e comportamentos adictivos: uso e abuso de substancias legais e non legais. Adicións comportamentais. Prevención e tratamento de drogodependencias e outras adicións: os programas de prevención e ámbitos de intervención no Concello de Lugo.*

*Tema 47. A educación no tempo de lecer. O xogo na animación do ocio e o tempo de lecer. Planificación, estrutura e organización do xogo.*

*Tema 48. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.*

#### 9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

*De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (BOP nº 99, do 2 de maio de 2017, e nº 274, do 29 de novembro de 2018), a composición dos tribunais cualificadores será o seguinte:*

*Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.*

*Vogais:*

*Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.*

*Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.*

*Á súa vez será aplicable a instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.*

#### 10º.- LISTA DE RESERVAS

*Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.*

*Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.*

**11º.- RECURSOS**

*Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.*

*Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.*

**SEGUNDO.-** *Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE."*

**SEGUNDO.-** *Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.*

*Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.*

Lugo, 18 de marzo de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.<sup>a</sup> González Abelleira.

R. 1011

---

**Anuncio****DECRETO**

Ilma. Sra. Dona Ana M.<sup>a</sup> González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o acordo 2/503 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2025, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2025.

Visto o acordo 4/76 **BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE TRABALLADOR/A SOCIAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2025)**, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de marzo de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, en base as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto nº 11673/2025, de 12/12/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a **2 PRAZAS DE TRABALLADOR/A SOCIAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2025)**, que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 4/76 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de marzo de 2026, que seguidamente se transcribe:

*"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de traballadores/as sociais pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OPE 2025) do seguinte teor literal:*

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE TRABALLADORES/AS SOCIAIS PERTENCENTE/S AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2025)**

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a dúas prazas de traballadores/as sociais do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do excmo. concello de lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023.

## 2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: *traballador/a social*

b) Grupo A (Subgrupo A2)

c) Outras características:

- Escala: *administración especial*

- Subescala: *técnica*

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

## 4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

*Título universitario de grao ou diplomatura en traballo social ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substitúan as titulacións extinguidas.*

*Certificado de delitos de natureza sexual.*

## 5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

*As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.*

*As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo ([www.lugo.gal/portal/](http://www.lugo.gal/portal/)). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.*

*Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:*

a) *DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.*

b) *Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 17,30 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.*

*De acordo coa ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente, estarán exentas do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.*

*Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales, polo menos, tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.*

*Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.*

*En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.*

c) *Título universitario de grao ou diplomatura en traballo social ou equivalente.*

d) *Certificado de delitos de natureza sexual.*

*O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.*

## 6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución na que declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, esta quedará automaticamente elevada a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpre algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. Non será emendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

## 7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

### A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

**PRIMEIRO EXERCICIO**, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondentes ao conxunto do programa, temario de materias común e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 100 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

**SEGUNDO EXERCICIO**, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 2 horas, de 2 temas de entre 3 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

**TERCEIRO EXERCICIO**, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 3 horas. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

### B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ao disposto na base décimo cuarta, letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como ás prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

## 8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

**Tema 1.** O estado de benestar. Orixe e desenvolvemento: sistemas de protección social en Europa. Modelos de estado de benestar. Construción do estado de benestar en España. Crise e reestruturación do estado de benestar: "Welfare Mix" e "Community Care".

**Tema 2.** Política social na Unión Europea. Declaración Universal dos Dereitos Humanos, ONU, 1948. A Carta Social Europea, Consello de Europa, 1965. Fondo Social Europeo. Transformar o noso mundo: a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible (Nacións Unidas, 2015).

**Tema 3.** A pobreza e exclusión social no contexto do estado de benestar. Concepto e dimensións. A medición da pobreza.

**Tema 4.** O traballo social. Proceso metodolóxico. Programación e planificación. Principais técnicas no traballo social.

- Tema 5. O rol do traballador/a social: liderado, traballo en equipo e habilidades de comunicación e negociación. Factores de protección fronte ao estrés laboral no ámbito da intervención social.*
- Tema 6. A intervención social con individuos e familias. Modelos de intervención. Novas formas de intervención social: modelo de atención integral centrada na persoa; intervención social dende o enfoque das capacidades. Técnicas da intervención social coas familias. Factores de risco e factores de protección no sistema familiar.*
- Tema 7. A intervención social grupal e comunitaria. Modelos de intervención social con grupos e comunidade. O Programa de animación sociocultural municipal do Concello de Lugo.*
- Tema 8. Ética da intervención social. Código deontolóxico do traballo social. Declaración global de principios éticos do traballo social.*
- Tema 9. Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.*
- Tema 10. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.*
- Tema 11. Cooperación interadministrativa: plan concertado.*
- Tema 12. Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.*
- Tema 13. Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regulan o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.*
- Tema 14. Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción para a autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.*
- Tema 15. Informe social como instrumento técnico do traballo social. Modelo de informe social unificado (ISU) para a área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Modelo de informe social para a área da inclusión (ISI) e a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social. Informes das entidades locais en procedementos de estranxeiría.*
- Tema 16. Intervención social na área de discapacidade: Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Recoñecemento do grao de discapacidade.*
- Tema 17. Lei 8/2021 pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.*
- Tema 18. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Risa (Renda de inclusión social de Galicia).*
- Tema 19. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. AIS (Axudas de integración social).*
- Tema 20. Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da Renda de inclusión social Galega e das axudas de inclusión social.*
- Tema 21. O emprego como factor social de inclusión social. Protección por desemprego. Prestacións do SEPE. Empresas de inserción: incorporación a unha empresa de inserción e seguimento do itinerario.*
- Tema 22. Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital. Obxecto. Ámbito subxectivo de aplicación e acción protectora. Procedemento.*
- Tema 23. Prestacións contributivas e non contributivas da Seguridade Social. Normativa vixente. Obxectivos. Tipos. Requisitos.*
- Tema 24. O Servizo de Axuda no Fogar e Xantar no Fogar: Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar. Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Lugo (BOP núm. 162, do 16 de xullo de 2014).*
- Tema 25. Ordenanza reguladora do funcionamento dos centros de día do Concello de Lugo (BOP núm.193, do 23 de agosto de 2013).*
- Tema 26. A intervención social coas persoas transeúntes e sen teito. Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social. Ordenanza municipal reguladora do réxime interior do Fogar do Transeúnte-Albergue- do Concello de Lugo (BOP núm.011, do 15 de xaneiro de 2025)*

*Tema 27. Ordenanza reguladora do réxime de funcionamento e cesión dos pisos de emerxencia municipal (BOP núm.193, do 23 de agosto de 2013). Ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social municipal do Concello de Lugo (BOP nº 211, do 13 de setembro de 2025).*

*Tema 28. Servizos sociais comunitarios e especializados na Comunidade Autónoma de Galicia: normativa, características, funcións e programas. Equipamentos e programas do Concello de Lugo.*

*Tema 29. Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica.*

*Tema 30. A Calidade nos servizos sociais comunitarios: Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración. Normativa das cartas de servizos.*

*Tema 31. A protección de datos nos servizos sociais. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

*Tema 32. Ferramentas de xestión nos ss.ss. comunitarios: SIUSS (sistema de información de usuarios/as de servizos sociais), SIGAD (sistema de información galego de atención á dependencia). O RUEPSS (registro unificado de entidades prestadoras de servizos sociais).*

*Tema 33. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.*

*Tema 34. Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (LOPVI).*

*Tema 35. A intervención social coas persoas maiores. Aspectos sociais do envellecemento. Programas, servizos e centros.*

*Tema 36. Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social e a súas modificacións.*

*Tema 37. Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social: residencia temporal. Residencia temporal por circunstancias excepcionais e menores estranxeiros. Documentación dos estranxeiros.*

*Tema 38. Protección internacional: asilo e refuxio. Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria. Entidades en Galicia que forman parte do Programa de protección internacional.*

*Tema 39. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Intervención social coas vítimas de violencia de xénero: prestacións, programas e servizos. Servizos e recursos de atención á muller no Concello de Lugo.*

*Tema 40. Avaliación de programas e proxectos sociais. Obxectivos, métodos, técnicas e indicadores.*

*Tema 41. Investigación social: paradigma cuantitativo e cualitativo. Principais técnicas de investigación social aplicadas ao traballo social.*

*Tema 42. A entrevista como técnica de traballo na intervención social comunitaria. Concepto. Tipoloxía e características.*

*Tema 43. O terceiro sector da acción social. Organizacións non gobernamentais. Concepto. Tipos. Sistemas de financiamento. Organización e coordinación coas distintas administracións. As entidades prestadoras de servizos sociais.*

*Tema 44. Catálogo de programas asistenciais. Modalidades de tratamento e recursos asistenciais para os trastornos adictivos en Galicia. Programas.*

*Tema 45. A intervención en saúde mental dende o traballo social. Programas e recursos. Internamento non voluntario.*

*Tema 46. A vivenda como factor de inclusión social. Políticas públicas de vivenda e recursos. A intervención social nos casos de desafiuzamento.*

*Tema 47. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.*

*Tema 48. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: acción administrativa para a igualdade. O dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.*

#### 9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

*De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (BOP nº 99, do 2 de maio de 2017, e nº 274, do 29 de novembro de 2018), a composición dos tribunais cualificadores será a seguinte*

*Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.*

Vogais:

*Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.*

*Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.*

*Á súa vez, será aplicable a Instrucción para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.*

#### 10º.- LISTA DE RESERVAS

*Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.*

*Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista mais actualizada.*

#### 11º.- RECURSOS

*Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.*

*Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.*

*SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Portal de Transparencia, Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE.”*

**SEGUNDO.-** *Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.*

*Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.*

Lugo, 18 de marzo de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.ª González Abelleira.

R. 1012

### Anuncio

#### DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o acordo 2/503 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2025, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2025.

Visto o acordo 1/93 **BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE TÉCNICO/A DE EDUCACIÓN INFANTIL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2025)**, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 11 de marzo de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, en base as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto nº 11673/2025, de 12/12/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 2 PRAZAS DE TÉCNICO/A DE EDUCACIÓN INFANTIL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2025), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 1/93 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 11 de marzo de 2026, que seguidamente se transcribe:

*"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 2 prazas de técnico/a de educación infantil pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (OEP 2025) do seguinte teor literal:*

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 2 PRAZAS DE TÉCNICO/A DE EDUCACIÓN INFANTIL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2025)**

**1º.- OBXECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a dúas prazas de técnico/a de educación infantil do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do excmo. concello de lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno, adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023.

**2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

a) Denominación da praza: técnico/a de educación infantil

b) Grupo de titulación: grupo B

c) Outras características:

- Escala: administración especial

- Subescala: técnica

**3º.- SISTEMA SELECTIVO.-** De conformidade co previsto nas bases xerais citadas, o sistema selectivo será o de oposición.

**4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:**

Título de técnico/a superior en Educación Infantil ou equivalente.

Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substitúan as titulacións extinguidas.

Certificado de delitos de natureza sexual.

**5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo ([www.lugo.gal/portal/](http://www.lugo.gal/portal/)). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 16,20 € de acordo coa ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos

interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

De acordo coa ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente, estarán exentas do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

Así mesmo, estarán exentas as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales, polo menos, tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude.

c) Título de técnico/a superior en Educación Infantil ou equivalente.

d) Certificado de delitos de natureza sexual.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

#### 6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou concelleira/o delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito de admisión será definitivamente excluído/a do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, esta quedará automaticamente elevada a definitiva.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpre algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. Non será emendable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

#### 7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

##### A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

**PRIMEIRO EXERCICIO**, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de setenta (70) preguntas tipo test, mais tres (3) preguntas de reserva, correspondentes ao conxunto do programa, temario de materias común e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 100 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

**SEGUNDO EXERCICIO**, teórico: consistirá no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 1 hora, de 1 tema de entre 2 extraídos ao chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

**TERCEIRO EXERCICIO**, práctico: consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 2 horas. O dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente, e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

**B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

*Na realización deste exercicio e na súa valoración, estarase ao disposto na base décimo cuarta, letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como ás prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, do 4 de decembro de 2023).*

*A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.*

**8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS**

*Tema 1.- A infancia. Evolución da atención á infancia ao longo da historia en España e noutros países. Teorías, autoras/es e tendencias que influíron na educación infantil.*

*Tema 2.- O proceso de ensinanza-aprendizaxe. Principios que favorecen o proceso de desenvolvemento infantil. O papel que desempeña o persoal educador infantil.*

*Tema 3.- Os procesos sensoriais e perceptivos. A importancia dos sentidos e a súa estimulación temperá. Nenas e nenos con alteracións sensoriais.*

*Tema 4.- O desenvolvemento motor. Leis e fases do desenvolvemento motor. A psicomotricidade. Alteracións e trastornos motores na nena e no neno nos primeiros anos.*

*Tema 5.- O desenvolvemento cognitivo. A intelixencia sensoriomotora na infancia. A intervención educativa. Alteracións no desenvolvemento cognitivo da/do menor.*

*Tema 6.- O coñecemento da realidade. A observación e exploración do mundo físico, natural e social. Xénese e formación dos principais conceptos.*

*Tema 7.- A expresión e a comunicación. Importancia e adquisición da linguaxe na infancia. A intervención educativa no caso das linguas en contacto.*

*Tema 8.- A expresión xestual e corporal. Etapas. A importancia da linguaxe xestual e corporal nos primeiros anos de vida.*

*Tema 9.- A expresión plástica. Evolución da expresión plástica na infancia. Elementos básicos da linguaxe plástica nas etapas da educación infantil.*

*Tema 10.- O desenvolvemento socioafectivo e emocional no neno e na nena. Características da afectividade infantil. Trastornos deste desenvolvemento. A educación emocional nesta etapa.*

*Tema 11.- O desenvolvemento sexual. Características da sexualidade infantil. Educación da sexualidade na escola infantil. A coeducación.*

*Tema 12.- O desenvolvemento moral na infancia. Principais concepcións sobre o desenvolvemento moral. A concepción actual.*

*Tema 13.- Concepto e natureza do xogo. O xoguete. O/A educador/a e o modelo lúdico. Influencia dos medios de comunicación no xogo e no xoguete.*

*Tema 14.- A literatura infantil. O conto e o seu valor educativo. Criterios de selección, utilización e narración de contos.*

*Tema 15.- A educación musical en educación Infantil. O descubrimento do son e o silencio. A linguaxe rítmico-musical. Recursos didácticos. O folclore popular.*

*Tema 16.- A educación para a saúde. Medio ambiente e saúde. O papel do/a educador/a infantil na educación para a saúde. Os medios de comunicación e a saúde nos/as menores.*

*Tema 17.- A alimentación e nutrición infantil. Etapas. Alimentación. Novas tendencias referidas á alimentación. A importancia dos medios de comunicación na alimentación das/os nenas/os. Alteracións alimentarias.*

*Tema 18.- A hixiene infantil e o medio. Alteracións relacionadas coa hixiene. O descanso infantil. O sono.*

*Tema 19.- Enfermidades infantís. O papel do/a educador/a, da escola e da familia nas enfermidades infantís.*

*Tema 20.- Accidentes infantís. Prevención de accidentes na infancia. Primeiros auxilios.*

*Tema 21.- Hábitos de autonomía persoal nos máis pequenos. Actividade da vida cotiá. O acercamento ao medio e á cultura.*

*Tema 22.- A incorporación do/a menor no centro infantil. O período de adaptación. O papel do/a educador/a e a intervención coas familias.*

*Tema 23.- O papel da familia no desenvolvemento da infancia, o seu papel como primeiro axente de socialización. A importancia da relación familia-escola.*

*Tema 24.- O descubrimento dos outros. Proceso de descubrimento, vinculación e aceptación. A escola como institución socializadora.*

*Tema 25.- A escola infantil como medio compensador de desigualdades sociais. O/A menor en risco social. O papel dos concellos e administracións na axuda e protección do/a menor.*

*Tema 26.- Os organismos internacionais e a súa incidencia na educación infantil. Os dereitos das/os menores. Educación multicultural.*

*Tema 27.- Ordenación e principios xerais da educación infantil no Estado español.*

*Tema 28.- Ordenación e principios xerais da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Tema 29.- Influencia das principais correntes pedagóxicas e psicolóxicas na educación infantil. A importancia da educación infantil na actualidade.*

*Tema 30.- Planificación de centros de atención á infancia. Documentos. O deseño curricular.*

*Tema 31.- A programación da escola infantil de 0 a 3 anos. Elementos da programación.*

*Tema 32.- O material como recurso educativo na escola infantil. Características e tipos. Elaboración de materiais/recursos na escola.*

*Tema 33.- A organización do espazo como recurso educativo. Distribución e creación. Influencia no proceso de ensinanza-aprendizaxe.*

*Tema 34.- Organización do tempo na escola infantil. Factores que influen. Criterios para a distribución temporal.*

*Tema 35.- Avaliación na educación infantil de 0 a 3 anos. Ámbitos da avaliación. Instrumentos de observación. Documentos de avaliación no centro ou escola.*

*Tema 36.- Diversidade educativa. A diversidade funcional e as necesidades específicas de apoio educativo na escola de 0-3. Adaptacións curriculares. Novas tecnoloxías para a atención na diversidade. Normativa legal.*

*Tema 37.- Problemas e trastornos na conduta na infancia. Adaptacións curriculares. Cooperación da familia.*

*Tema 38.- O/A técnico/a superior en educación infantil: papel, funcións e tarefas, principios e normas morais que regulan a súa actividade profesional.*

*Tema 39.- A Lei de prevención de riscos laborais. Os riscos laborais dos/as técnicos/as en educación infantil e a súa prevención.*

*Tema 40.- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.*

#### **9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES**

*De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (BOP nº 99, do 2 de maio de 2017, e nº 274, do 29 de novembro de 2018), a composición dos tribunais cualificadores será a seguinte:*

*Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.*

*Vogais:*

*Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.*

*Secretaria/o: secretario/a da corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.*

*Á súa vez, será aplicable a instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.*

#### **10º.- LISTA DE RESERVAS**

*Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.*

*Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.*

**11º.- RECURSOS**

*Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.*

*Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.*

*SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Portal de Transparencia, Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE."*

**SEGUNDO.-** Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 18 de marzo de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.<sup>a</sup> González Abelleira.

R. 1013

---

**Anuncio****DECRETO**

Ilma. Sra. Dona Ana M.<sup>a</sup> González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Acordo 10/857 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, de aprobación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna (obxecto de Mesas Xerais de Negociación o 2 de novembro de 2023 e 13 de novembro de 2023).

Acordo 2/503 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2025, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2025.

Acta da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Lugo celebrada o día 10 de decembro de 2025, á que deron conformidade coa súa sinatura a Administración e, a Central sindical independente e de funcionarios CSIF pola parte sindical, sen conformidade por parte das restantes organizacións sindicais.

Visto o acordo 3/138 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2025) adoptado pola Xunta de Goberno Local o 1 de abril de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, en base as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto nº 11673/2025, de 12/12/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a **UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2025)**, que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da

Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 3/138 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 1 de abril de 2026, que seguidamente se transcribe:

*"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de traballador/a social pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OPE 2025) do seguinte teor literal:*

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL PERTENCENTE/S AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OPE 2025)**

*1º.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a unha praza de traballador/a social do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do excmo. concello de lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 278, de data 4 de decembro de 2023.*

#### **2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

*a) Denominación da praza: Traballador/a Social*

*b) Grupo A (Subgrupo A2)*

*c) Outras características:*

*- Escala: administración especial*

*- Subescala: técnica*

*3º.- SISTEMA SELECTIVO.- De conformidade co previsto nas bases xerais referenciadas, o sistema selectivo será o de oposición.*

#### **4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:**

*Título universitario de grao ou diplomatura en traballo social ou equivalente. Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substitúan ás titulacións extinguidas.*

*Certificado de Delitos de Naturaleza Sexual.*

#### **5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

*As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.*

*As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo ([www.lugo.gal/portal/](http://www.lugo.gal/portal/)). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.*

*De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.*

*A opción á participación no procedemento selectivo para as prazas reservadas para persoas con discapacidade terá que formularse na solicitude de participación da correspondente convocatoria. A súa condición de persoa con discapacidade deberá acreditarse coa certificación do órgano competente, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza. Todo isto deberá acompañar a solicitude de participación no proceso selectivo.*

*As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:*

*a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.*

*b) De acordo ca ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%.*

*c) Título universitario de grao ou diplomatura en traballo social ou equivalente.*

*d) Certificado de Delitos de Naturaleza Sexual.*

*e) No caso de candidatas ou candidatos que accedan a prazas reservadas a persoas con discapacidade, a súa condición de persoa con discapacidade deberá acreditarse coa certificación do órgano competente, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración*

sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza. Todo isto deberá acompañar a solicitude de participación no proceso selectivo.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

#### 6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

#### 7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

##### A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

**PRIMEIRO EXERCICIO**, teórico: consistente en contestar un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias común e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 100 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

**SEGUNDO EXERCICIO**, teórico: consistente no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 2 horas, de 2 temas de entre 3 extraídos ó chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

**TERCEIRO EXERCICIO**, práctico: consistente na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 3 horas. Dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

##### B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ó disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, de data 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

#### 8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

**Tema 1.** O Estado de Benestar. Orixe e desenvolvemento: Sistemas de protección social en Europa. Modelos de Estado de Benestar. Construcción do Estado de Benestar en España. Crisis e restructuración do Estado de Benestar: "Welfare Mix" e "Community Care".

**Tema 2.** Política Social na Unión Europea. Declaración Universal dos Dereitos Humanos, ONU, 1948. A Carta Social Europea, Consello de Europa, 1965. Fondo Social Europeo. Transformar o noso mundo: a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible (Nacións Unidas, 2015).

- Tema 3. A Pobreza e exclusión social no contexto do Estado de Benestar. Concepto e dimensións. A medición da pobreza.*
- Tema 4. O traballo social. Proceso Metodolóxico. Programación e planificación. Principais técnicas no traballo social.*
- Tema 5. O rol do traballador/a social: liderazgo, traballo en equipo e habilidades de comunicación e negociación. Factores de protección fronte ao estrés laboral no ámbito da intervención social.*
- Tema 6. A intervención Social con Individuos e Familias. Modelos de intervención. Novas formas de intervención Social: Modelo de atención integral centrada na persoa; Intervención Social dende o enfoque das capacidades. Técnicas da intervención social coas familias. Factores de risco e factores de protección no sistema familiar.*
- Tema 7. A Intervención Social Grupal e Comunitaria. Modelos de intervención social con grupos e comunidade. O Programa de Animación Sociocultural Municipal do Concello de Lugo.*
- Tema 8. Ética da intervención social. Código deontolóxico do traballo social. Declaración global de principios éticos do traballo social.*
- Tema 9. Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia.*
- Tema 10. Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo decreto 148/2014, do 6 de novembro.*
- Tema 11. Cooperación interadministrativa: Plan Concertado.*
- Tema 12. Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de dependencia.*
- Tema 13. Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regulan o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.*
- Tema 14. Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción para a autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias na financiación do seu coste.*
- Tema 15. Informe Social como instrumento técnico do traballo social. Modelo de Informe Social Unificado (ISU) para a área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Modelo de informe social para a área da inclusión (ISI) e a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social. Informes das Entidades Locais en procedementos de estranxeiría.*
- Tema 16. Intervención Social na área de Discapacidade: Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Recoñecemento do grao de discapacidade.*
- Tema 17. Lei 8/2021, pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio as persoas con discapacidade no exercizo da súa capacidade xurídica.*
- Tema 18. Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia. Risga (Renda de Inclusión Social de Galicia).*
- Tema 19. Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia. AIS (Axudas de Integración Social).*
- Tema 20. Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social Galega e das axudas de inclusión social.*
- Tema 21. O emprego como factor social de inclusión social. Protección por desemprego. Prestacións do SEPE. Empresas de inserción: Incorporación a unha empresa de inserción e seguimento do itinerario.*
- Tema 22. Lei 19/2021, de 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital. Obxecto. Ámbito subxectivo de aplicación e acción protectora. Procedemento.*
- Tema 23. Prestacións contributivas e non contributivas da Seguridade Social. Normativa vixente. Obxectivos. Tipos. Requisitos.*
- Tema 24. O Servizo de Axuda no Fogar e Xantar no fogar: Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar. Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Lugo (BOP núm. 162, do 16 de xullo de 2014).*
- Tema 25. Ordenanza reguladora do funcionamento dos Centros de Día do Concello de Lugo (BOP núm.193, do 23 de agosto de 2013).*

*Tema 26. A intervención social coas persoas transeúntes e sen teito. Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social. Ordenanza Municipal reguladora do Réxime interior do Fogar do Transeúnte-Albergue- do Concello de Lugo, (BOP núm.011, do 15 de xaneiro de 2025)*

*Tema 27. Ordenanza reguladora do réxime de funcionamento e cesión dos pisos de emerxencia municipal. (BOP núm.193, do 23 de agosto de 2013). Ordenanza reguladora das Axudas de Emerxencia Social Municipal do Concello de Lugo (BOP nº211, do 13 de setembro de 2025).*

*Tema 28. Servizos sociais comunitarios e especializados na CC.AA Galega: normativa, características, funcións e programas. Equipamentos e programas do Concello de Lugo.*

*Tema 29. Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso a Historia Social única Electrónica.*

*Tema 30. A Calidade nos servizos sociais comunitarios: Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración. Normativa das cartas de servizos.*

*Tema 31. A Protección de datos nos Servizos Sociais. Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

*Tema 32. Ferramentas de xestión nos ss.ss comunitarios : SIUSS ( sistema de información de usuarios/as de servizos sociais) , SIGAD ( Sistema de información galego de Atención a Dependencia). O RUEPSS ( rexistro unificado de entidades prestadoras de servizos sociais).*

*Tema 33. Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.*

*Tema 34. Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. Lei orgánica 8/2021,do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia (LOPVI).*

*Tema 35. A intervención social coas persoas Maiores. Aspectos sociais do envellecemento. Programas servizos e centros.*

*Tema 36. Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social e a súas modificacións.*

*Tema 37. Real Decreto 557/2011, do 20 de abril polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social: Residencia temporal. Residencia temporal por circunstancias excepcionais e Menores estranxeiros.Documentación dos estranxeiros.*

*Tema 38. Protección Internacional: Asilo e Refuxio. Lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria. Entidades en Galicia que forman parte do Programa de Protección Internacional.*

*Tema 39. Ley 11/2007, de 27 de julio, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Intervención social coas vítimas de violencia de xénero: Prestacións, programas e servizos. Servizos e recursos de atención á muller no Concello de Lugo.*

*Tema 40. Avaliación de programas e proxectos sociais. Obxectivos, métodos, técnicas e indicadores.*

*Tema 41. Investigación Social: Paradigma cuantitativo e cualitativo. Principais técnicas de investigación social aplicadas ao traballo social.*

*Tema 42. A entrevista como técnica de traballo na intervención social comunitaria. Concepto. Tipoloxía e Características.*

*Tema 43. O terceiro sector da acción social. Organizacións non gubernamentais. Concepto. Tipos. Sistemas de financiamento. Organización e coordinación coas distintas administracións. As entidades prestadoras de Servizos Sociais.*

*Tema 44. Catálogo de Programas Asistenciais. Modalidades de tratamento e recursos asistenciais para os trastornos adictivos en Galicia. Programas.*

*Tema 45. A intervención en Saúde Mental dende o traballo social. Programas e recursos. Internamento non voluntario.*

*Tema 46. A vivenda como factor de inclusión social. Políticas públicas de vivenda e recursos. A intervención social nos casos de desafiuzamento.*

*Tema 47. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.*

*Tema 48. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: acción administrativa para a igualdade. O dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.*

**9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES**

*De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a*

*promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, de data 4 de decembro de 2023) o Tribunal Cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes, sendo a súa composición a seguinte:*

*Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.*

*Vogais:*

*Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.*

*Secretaria/o: Secretario/a da Corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.*

*A súa vez será aplicable a Instrucción para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.*

#### **10º.- LISTA DE RESERVAS**

*Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.*

*No caso de que algunha de persoas aspirantes con discapacidade que se presentou pola cota de reserva superase os exercicios e non obtivese praza na citada cota, sendo a súa puntuación superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, esta será incluída pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.*

*Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista máis actualizada.*

#### **11º.- RECURSOS**

*Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.*

*Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.*

*SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Portal de Transparencia, Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE.”*

**SEGUNDO.-** *Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.*

*Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.*

*Lugo, 15 de abril de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.ª González Abelleira.*

### Anuncio

#### DECRETO

Ilma. Sra. Dona Ana M<sup>a</sup> González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.

Acordo 10/857 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, de aprobación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna (obxecto de Mesas Xerais de Negociación o 2 de novembro de 2023 e 13 de novembro de 2023).

Acordo 2/503 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2025, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2025.

Acta da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Lugo celebrada o día 10 de decembro de 2025, á que deron conformidade coa súa sinatura a Administración e, a Central sindical independente e de funcionarios CSIF pola parte sindical, sen conformidade por parte das restantes organizacións sindicais.

Visto o Acordo 4/139 **BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2025)**, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 1 de abril de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, en base as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto nº 11673/2025, de 12/12/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.**-Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a **UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2025)**, que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 4/139 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 1 de abril de 2026, que seguidamente se transcribe:

*"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de Auxiliar Administrativo/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, en quenda libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2025) do seguinte teor literal:*

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2025)**

**1º.- OBXECTO.**- *Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a 1 praza de Auxiliar administrativo/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre reservada a persoas con discapacidade, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do excmo. concello de lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 278, de data 4 de decembro de 2023.*

**2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

a) *Denominación da praza: Auxiliar administrativo/a*

b) *Grupo de titulación: C (subgrupo C2)*

c) *Outras características:*

- *Escala: Administración Xeral*

- *Subescala: Auxiliar*

**3º.- SISTEMA SELECTIVO.**- *De conformidade co previsto nas bases xerais referenciadas, o sistema selectivo será o de oposición.*

**4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:**

*Título de Graduado Escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente. A efectos desta convocatoria, o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substituíron ás titulacións extinguidas.*

## 5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo ([www.lugo.gal/portal/](http://www.lugo.gal/portal/)). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

A opción á participación no procedemento selectivo para as prazas reservadas para persoas con discapacidade terá que formularse na solicitude de participación da correspondente convocatoria. A súa condición de persoa con discapacidade deberá acreditarse coa certificación do órgano competente, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza. Todo isto deberá acompañar a solicitude de participación no proceso selectivo.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) De acordo ca ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%.
- c) Título de Graduado Escolar, FP 1º grao, graduado en ESO ou equivalente.
- d) No caso de candidatas ou candidatos que accedan a prazas reservadas a persoas con discapacidade, a súa condición de persoa con discapacidade deberá acreditarse coa certificación do órgano competente, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza. Todo isto deberá acompañar a solicitude de participación no proceso selectivo.

O prazo de presentación de instancias será de  **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

## 6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso.. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

## 7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

### A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

**PRIMEIRO EXERCICIO**, teórico: consistente en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias comúns e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en

conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistente no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 1 hora, de 1 tema de entre 2 extraídos ó chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistente na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 1 hora e media. Dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

## B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ó disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, de data 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

### 8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- Municipios de gran poboación: O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cesamento.

Tema 2.- Municipios de gran poboación: as e os tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: composición e atribucións.

Tema 3.- Municipios de gran poboación: O Concello Pleno. Composición e competencias. As comisións informativas.

Tema 4.- Réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados locais.

Tema 5.- A potestade regulamentaria das entidades locais. Ordenanzas, regulamentos e bandos.

Tema 6.- O persoal ao servizo da Administración local: funcionarias/os propias/os das entidades locais. Integración en escalas, subescalas e clases. Dereitos e deberes.

Tema 7.- Os bens das entidades locais: a súa clasificación. Réxime xurídico dos bens das entidades locais.

Tema 8.- O acto administrativo: concepto e clases. Elementos.

Tema 9.- Eficacia dos actos administrativos. Notificación e publicación. Nulidade e anulabilidade.

Tema 10.- Finalización do procedemento administrativo: a obriga de resolver. O silencio administrativo.

Tema 11.- Dereito e obriga de relacionarse electronicamente cas Administracións Públicas. Rexistros. Arquivo de documentos. Rexistros electrónicos de apoderamentos

Tema 12.- Os orzamentos das corporacións locais: elaboración, aprobación e execución.

Tema 13.- As facendas locais: recursos das facendas locais. Especial referencia a impostos, taxas e contribucións especiais.

Tema 14.- Os contratos das administracións públicas: delimitación dos tipos contractuais. Perfección e forma do contrato. Competencia en materia de contratación e normas específicas de contratación pública nas entidades locais.

Tema 15.- Dereitos e deberes das e dos veciños no ámbito local: información e participación cidadá.

Tema 16.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

### 9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, de data 4 de decembro de 2023) o Tribunal Cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes, sendo a súa composición a seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica o u estatal) incluído o persoal docente.

*Vogais:*

*Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.*

*Secretaria/o: Secretario/a da Corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.*

*A súa vez será aplicable a Instrucción para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.*

#### **10º.- LISTA DE RESERVAS**

*Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.*

*No caso de que algunha de persoas aspirantes con discapacidade que se presentou pola cota de reserva superase os exercicios e non obtivese praza na citada cota, sendo a súa puntuación superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, esta será incluída pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.*

*Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista mais actualizada.*

#### **11º.- RECURSOS**

*Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.*

*Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.*

*SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Portal de Transparencia, Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE."*

**SEGUNDO.-** *Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.*

*Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.*

*Lugo, 15 de abril de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.ª González Abelleira.*

R. 1015

### *Anuncio*

#### **DECRETO**

*Ilma. Sra. Dona Ana Mª González Abelleira, Tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.*

*Acordo 10/857 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, de aprobación das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna (obxecto de Mesas Xerais de Negociación o 2 de novembro de 2023 e 13 de novembro de 2023).*

Acordo 2/503 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 17 de decembro de 2025, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2025.

Acta da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Lugo celebrada o día 10 de decembro de 2025, á que deron conformidade coa súa sinatura a Administración e, a Central sindical independente e de funcionarios CSIF pola parte sindical, sen conformidade por parte das restantes organizacións sindicais.

Visto o Acordo 5/140 **BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ORDENANZA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2025)**, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 1 de abril de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, en base as atribucións delegadas por decreto nº 10280/2025 de 04/11/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, modificado polo decreto nº 11673/2025, de 12/12/2025 e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.**-Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a **UNHA PRAZA DE ORDENANZA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2025)**, que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 5/140 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 1 de abril de 2026, que seguidamente se transcribe:

*"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de Ordenanza pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, en quenda libre reservada a persoas con discapacidade intelectual (OEP 2025) do seguinte teor literal:*

**BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE ORDENANZA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL (OEP 2025)**

**1º.- OBXECTO.**- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a 1 praza de Ordenanza do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre reservada a persoas con discapacidade intelectual, en todo o que non estea previsto nas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do excmo. concello de lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 278, de data 4 de decembro de 2023.

**2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

a) Denominación da praza: Ordenanza

b) Grupo de titulación: AP (Agrupacións profesionais)

c) Outras características:

- Escala: Administración Xeral

- Subescala: subalterna

**3º.- SISTEMA SELECTIVO.**- De conformidade co previsto nas bases xerais referenciadas, o sistema selectivo será o de oposición.

**4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:**

Non se esixe titulación do sistema educativo.

**5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo ([www.lugo.gal/portal/](http://www.lugo.gal/portal/)). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

A opción á participación no procedemento selectivo para as prazas reservadas para persoas con discapacidade terá que formularse na solicitude de participación da correspondente convocatoria. A súa condición de persoa con discapacidade deberá acreditarse coa certificación do órgano competente, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza. Todo isto deberá acompañar a solicitude de participación no proceso selectivo.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) De acordo ca ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%.
- c) Certificado de Delitos de Naturaleza Sexual.
- d) No caso de candidatas ou candidatos que accedan a prazas reservadas a persoas con discapacidade, a súa condición de persoa con discapacidade deberá acreditarse coa certificación do órgano competente, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza. Todo isto deberá acompañar a solicitude de participación no proceso selectivo.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

#### 6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso.. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

#### 7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

##### A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

**PRIMEIRO EXERCICIO**, teórico: consistente en contestar un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias comúns e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 60 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

**SEGUNDO EXERCICIO**, teórico: consistente no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 1 hora, de 1 tema de entre 2 extraídos ó chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

**TERCEIRO EXERCICIO**, práctico: consistente na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 1 hora e media. Dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

## B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ó disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, de data 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

### 8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

TEMA 1.- A guía de rúas da cidade de Lugo. Localización de dependencias municipais, organismos, edificios e centros públicos e de interese da cidade de Lugo.

TEMA 2.- A presentación de instancias e documentos nas oficinas públicas. Comunicaci3ns e notificaci3ns. Correspondencia e paquetería: envíos e servizos postais.

TEMA 3.- O persoal ao servizo da Administración local: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades.

TEMA 4.- Informaci3n e atenci3n ao público: presencial, telefónica e por medios informáticos. Técnicas de atenci3n ao público.

TEMA 5.- Manexo de máquinas de reprografía e oficina: reprodutoras, multicopistas, fotocopiadoras, fax, encadernadoras, destrutoras, centralitas telefónicas, impresoras, escáner, plastificado e outras análogas. Tipos de papel.

TEMA 6.- A Vixilancia e custodia de edificios: vixilancia da seguridade do edificio. Control de accesos. Servizo de consigna. Apertura e peche de edificios e locais.

TEMA 7.- Prevenci3n de riscos laborais inherentes a un posto de Ordenanza: os seus dereitos e obrigas. Medidas preventivas e pautas de actuaci3n ante incendios e emerxencias.

TEMA 8.- Réxime de precedencias e tratamentos honoríficos. Preparaci3n de reuni3ns. Preparaci3n de medios materiais.

Tema 9.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminaci3n. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

### 9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, de data 4 de decembro de 2023) o Tribunal Cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes, sendo a súa composici3n a seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resoluci3n da Alcaldía entre persoal de calquera das administraci3ns públicas (local, autonómica o u estatal) incluído o persoal docente.

Vogais:

Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulaci3n á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resoluci3n da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administraci3ns públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

Secretaria/o: Secretario/a da Corporaci3n ou persoa funcionaria en quen delegue.

A súa vez será aplicable a Instrucci3n para o funcionamento e actuaci3n dos órganos de selecci3n do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

### 10º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuaci3n acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuaci3ns obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

No caso de que algunha de persoas aspirantes con discapacidade que se presentou pola cota de reserva superase os exercicios e non obtivese praza na citada cota, sendo a súa puntuaci3n superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, esta será incluída pola súa orde de puntuaci3n no sistema de acceso xeral.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista mais actualizada.

**11º.- RECURSOS**

*Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.*

*Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.*

*SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Portal de Transparencia, Boletín Oficial da Provincia, e un extracto no DOG e BOE."*

**SEGUNDO.-** Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 15 de abril de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ilma. Sra. dona Ana M.<sup>a</sup> González Abelleira.

R. 1016

**PASTORIZA***Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 21 de abril aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 4º trimestre do exercicio 2025.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

**Anuncio de cobranza**

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/05/2026 e o 01/07/2026 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 02/05/2026. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Pastoriza, 21 de abril de 2026.- O alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 1040

---